



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2016

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día catorce de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 30 DE DECEMBRO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o trinta de decembro de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE TARRÍO, FORMULADA POR D. RAMÓN IGLESIAS MIGUÉNS, EXPEDIENTE 76/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xaneiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 25 de maio de 2015 asínase comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal por parte de D. Ramón Iglesias Miguéns, con entrada no Concello nº 4479.

Segundo. En data 9 de xuño de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4875, solicitude de licenza municipal de obras para rehabilitación de cuberta de vivenda sita no Lugar de Tarrío, formulada por D. Javier Pérez Bustelo en representación de D. Ramón Iglesias Miguéns. Achégase coa solicitude autorización outorgada polo representado para que o representante proceda no seu nome á solicitude, orzamento das obras, recibo do imposto sobre bens inmoables e fotografías.

Terceiro. En data 15 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Cuarto. En data 17 de xuño de 2015 remítese oficio á dirección xeral de patrimonio cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, aos efectos de recabar a pertinente autorización sectorial.

Quinto. En data 18 de novembro de 2015 ten entrada no Concello informe de data 11 de novembro de 2015 da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que autoriza as obras solicitadas condicionando as mesmas a que se aborde así mesmo o pintado e adecentamento das fachadas do inmovible.

Sexto. En data 20 de novembro de 2015 remítese comunicación ao interesado do informe referido no anterior antecedente, requirindo a emenda da solicitude no senso apuntado polo mesmo.

Sétimo. En data 4 de decembro de 2015 ten entrada no Concello escrito do interesado no que solicita a paralización da solicitude de licenza por se atopar en proceso de tramitación dun aprazamento nas obras requiridas pola dirección xeral de Patrimonio Cultural.

Oitavo. En data 11 de decembro de 2015 ten entrada no Concello "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que admite a solicitude de aprazamento da intervención nas fachadas outorgando un prazo de dous anos dende a concesión da licenza para a rehabilitación da cuberta.

Noveno. En data 8 de xaneiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas nas condicións do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 11 de decembro de 2015.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo de núcleo rural, no caso de solo calificado coma solo de núcleo rural polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Artigos 6 e concordantes da lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos dos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, informe de data 11 de novembro de 2015 da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que autoriza as obras solicitadas condicionando as mesmas a que se aborde así mesmo o pintado e adecentamento das fachadas do inmovible, e "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 5 de decembro de 2015, que admite a solicitude de aprazamento da intervención nas fachadas outorgando un prazo de dous anos dende a concesión da licenza para a rehabilitación da cuberta.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 15 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 8 de xaneiro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadrón.es
www.concellodepadrón.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Ramón Iglesias Miguéns licenza municipal de obras para rehabilitación de cuberta de vivenda sita no lugar Tarrío s/n, Iria Flavia, con referencia catastral 8358720NH2385N0001DP, expediente 76/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Conforme o "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" de data 3 de decembro de 2015, da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de dous (2) anos dende o outorgamento da licenza deberá terse tramitado e resolto a correspondente solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento da fachada, estando as mesmas concluídas, baixo apercibimento de que en caso contrario se procederá a ditar unha orde de execución e a poñer tal circunstancia en coñecemento do servizo de Patrimonio histórico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, solo de núcleo rural conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: rehabilitación de cuberta de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 2.641,25 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: lg de Tarrío s/n, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Ramón Iglesias Miguéns
- g) Técnico autor do proxecto: non procede.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo aos efectos de que se verifique o cumprimento en prazo da condición establecida polo "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" de data 3 de decembro de 2015, da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a

cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Ramón Iglesias Miguéns licenza municipal de obras para rehabilitación de cuberta de vivenda sita no lugar Tarrío s/n, Iria Flavia, con referencia catastral 8358720NH2385N0001DP, expediente 76/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Conforme o "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" de data 3 de decembro de 2015, da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de dous (2) anos dende o outorgamento da licenza deberá terse tramitado e resolto a correspondente solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento da fachada, estando as mesmas concluídas, baixo apercibimento de que en caso contrario se procederá a ditar unha orde de execución e a poñer tal circunstancia en coñecemento do servizo de Patrimonio histórico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, solo de núcleo rural conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: rehabilitación de cuberta de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 2.641,25 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: lg de Tarrío s/n, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Ramón Iglesias Miguéns
- g) Técnico autor do proxecto: non procede.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo aos efectos de que se verifique o cumprimento en prazo da condición establecida polo "informe sobre solicitude de ampliación do prazo dunha intervención no Camiño de Santiago" de data 3 de decembro de 2015, da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA PRINCIPAL DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE VISTA ALEGRE Nº 40, FORMULADA POR D. JESÚS EDUARDO BLANCO GARCÍA, EXPEDIENTE 216/2015/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xaneiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 29 de decembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 11118, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de reparación de cuberta e fachada principal de vivenda sita no lugar de Vista Alegre nº 40, formulada por D. Jesús Eduardo Blanco García. Achégase coa solicitude orzamento das obras e fotografía da vivenda.

Segundo. En data 8 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 11 de xaneiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxeción ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

– Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade dos servizos técnicos municipais. Limpeza e substitución de tellas rotas na cuberta (75 m²) e limpeza da fachada principal para colocación de recercados de pedra nos ventanais do balcón e posterior pintado da fachada en cor branca. (59,70 m²)

– Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de

xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

– De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

– Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.

– Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non procede o ditame ambiental.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de padrón, coa consideración de solo urbano consolidado de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 29 de decembro de 2015, asinada por D. Jesús Eduardo Blanco García, para obras de reparación da cuberta e da fachada principal dunha vivenda sita no lugar de Vista Alegre nº 40, con referencia catastral 8917407NH2381N0001ZA, expediente 216/2015/CP.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exigencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida

interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 29 de decembro de 2015, asinada por D. Jesús Eduardo Blanco García, para obras de reparación da cuberta e da fachada principal dunha vivenda sita no lugar de Vista Alegre nº 40, con referencia catastral 8917407NH2381N0001ZA, expediente 216/2015/CP.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL PARA INCORPORAR UN GARAXE NA AVENIDA DE COMPOSTELA Nº 29, FORMULADA POR D. TEODORO RARÍS MAGARIÑOS, EXPEDIENTE 16/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xaneiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 8 de outubro de 2015 a Xunta de Goberno Local, a proposta do Alcalde, adoita acordo de outorgar a D^a Teodoro Rarís Magariños licenza municipal de obras para reforma e ampliación de edificación existente sita na avenida de Compostela nº 29, con referencia catastral 8019626NH2381N0001ZA, expediente 16/2015/LU, conforme o "Proyecto modificado. Proyecto básico y de ejecución de reforma y ampliación de edificación existente" redactado e asinado polo arquitecto D. José Luis Estévez Suárez de data Abril de 2015, visado polo COAG en data 8 de maio de 2015.

No apartado segundo do acordo se reflicte para as obras referidas un orzamento de 21.595,53 euros. (sen IVE).

Segundo. En data 11 de xaneiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa sobre a comisión dun erro material no orzamento referido, que non se corresponde coa obra obxecto do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Trátase da constatación dun erro material no acordo da Xunta de Goberno local de de data 8 de outubro de 2015. no apartado correspondente ao orzamento das obras a cantidade non se corresponde co orzamento reflectido no proxecto. Trátase sen dúbida dun erro material de transcripción no acordo da Xunta de Goberno.

Deste xeito, a proposta no seu apartado segundo debería reflectir o seguinte:

Segundo. *En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:*

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial de edificación entre medianeiras (URME) conforme o PXOM, dentro do ámbito dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma e ampliación de edificación existente.

c)Altura a cornixa: autorizable; 16,50 metros. Proxecto: 6,12 metros.

d) Volumes: Autorizable; B+E+4. Proxecto: B+1

e) Pendente de cuberta: Permitida: <80% = 38°; Proxecto; 57% = 30°

f) Altura máxima de cuberta: Permitida: 3,50 m. Proxecto: 2,41 m.

g) Contía na que se orzan as obras: **51.716,94 euros. (sen IVE)**

h) Situación e emprazamento das obras: Avenida de Compostela nº 29

i) Nome ou razón social do promotor: D. Teodoro Raris Magariños.

j) Técnico autor do proxecto: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)

k) Técnico director das obras: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)

l) Técnico director da execución material das obras: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)

m) Coordinador de seguridade e saúde: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)

n) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Segundo. Conforme o artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (LRXPAC), as administracións públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro. Resulta competente para adoitar o acordo de rectificación de erros o órgano do que emanou o acto administrativo a correxir, isto é, a Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Rectificar de oficio o erro material existente no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de outubro de 2015, de outorgamento de a Dª Teodoro Raris Magariños licenza municipal de obras para reforma e ampliación de edificación existente sita na avenida de Compostela nº 29, con referencia catastral 8019626NH2381N0001ZA, expediente 16/2015/LU, que deberá quedar coma segue:

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial de edificación entre medianeiras (URME) conforme o PXOM, dentro do ámbito dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma e ampliación de edificación existente.
- c. Altura a cornixa: autorizable; 16,50 metros. Proxecto: 6,12 metros.
- d. Volumes: Autorizable; B+E+4. Proxecto: B+1



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- e. *Pendente de cuberta: Permitida: <80% = 38°; Proxecto; 57% = 30°*
- f. *Altura máxima de cuberta: Permitida: 3,50 m. Proxecto: 2,41 m.*
- g. *Contía na que se orzan as obras: **51.716,94 euros. (sen IVE)***
- h. *Situación e emprazamento das obras: Avenida de Compostela nº 29*
- i. *Nome ou razón social do promotor: D. Teodoro Raris Magariños.*
- j. *Técnico autor do proxecto: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)*
- k. *Técnico director das obras: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)*
- l. *Técnico director da execución material das obras: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)*
- m. *Coordinador de seguridade e saúde: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)*
- n. *Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.*

Segundo. Os restantes puntos do acordo referido permanecen invariables.

Terceiro. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico de xestión económica para que se redacte nova liquidación tributaria tomando coma base o orzamento referido no punto enmendado, liquidación da que se elevará a correspondente proposta á Xunta de Goberno local tomando coma base a cantidade resultante da enmenda.

Cuarto. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer caquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Rectificar de oficio o erro material existente no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de outubro de 2015, de outorgamento de a D^a Teodoro Raris Magariños licenza municipal de obras para reforma e ampliación de edificación existente sita na avenida de Compostela nº 29, con referencia catastral 8019626NH2381N0001ZA, expediente 16/2015/LU, que deberá quedar coma segue:

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a. *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial de edificación entre medianeiras (URME) conforme o PXOM, dentro do ámbito dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón*
- b. *Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma e ampliación de edificación*

existente.

- c. *Altura a cornixa: autorizable; 16,50 metros. Proxecto: 6,12 metros.*
- d. *Volumes: Autorizable; B+E+4. Proxecto: B+1*
- e. *Pendente de cuberta: Permitida: <80% = 38°; Proxecto; 57% = 30°*
- f. *Altura máxima de cuberta: Permitida: 3,50 m. Proxecto: 2,41 m.*
- g. *Contía na que se orzan as obras: **51.716,94 euros. (sen IVE)***
- h. *Situación e emprazamento das obras: Avenida de Compostela nº 29*
- i. *Nome ou razón social do promotor: D. Teodoro Rarís Magariños.*
- j. *Técnico autor do proxecto: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)*
- k. *Técnico director das obras: D. José Luis Estévez Suárez (arquitecto)*
- l. *Técnico director da execución material das obras: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)*
- m. *Coordinador de seguridade e saúde: D. José Manuel Atán Jurjo (arquitecto técnico)*
- n. *Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.*

Segundo. Os restantes puntos do acordo referido permanecen invariables.

Terceiro. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico de xestión económica para que se redacte nova liquidación tributaria tomando coma base o orzamento referido no punto enmendado, liquidación da que se elevará a correspondente proposta á Xunta de Goberno local tomando coma base a cantidade resultante da enmenda.


Cuarto. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A LABORATORIO DE PRÓTESES E CLÍNICA DENTAL NA AVENIDA CALVO SOTELO Nº 43, ESCALEIRA 1, BAIXO, FORMULADA POR D. EUGENIO SAN MARTÍN LÓPEZ, EXPEDIENTE 20/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xaneiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 27 de agosto de 2015 a Xunta de Goberno Local, a proposta do Alcalde, adoita acordo de outorgar a licenza municipal de obras de acondicionamento intereior dun local para o exercicio da actividade



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de laboratorio de próteses e clínica dental en inmoible sito na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo, con referencia catastral 7919702NH2371N0002OI, expediente 20/2015/LU, conforme o "Proyecto básico y de ejecución para acondicionamiento de local destinado a laboratorio de prótesis y clínica dental" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Otero da Costa, visado polo COETICOR en data 11 de febreiro de 2015.

No apartado segundo do acordo se reflicte para as obras referidas un orzamento de 21.595,53 euros. (sen IVE).

Segundo. En data 11 de xaneiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa sobre a comisión dun erro material no orzamento referido, que non se corresponde coa obra obxecto do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Trátase da constatación dun erro material no acordo da Xunta de Goberno local de de data 27 de agosto de 2015. no apartado correspondente ao orzamento das obras a cantidade non se corresponde co orzamento reflectido tanto no proxecto coma no informe técnico. Trátase sen dúbida dun erro material de transcripción no acordo da Xunta de Goberno.

Deste xeito, a proposta no seu apartado segundo debería reflectir o seguinte:

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA) conforme o PXOM, coa categoría de ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón*

b) *Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local comercial para cambio de uso*

c) *Altura e volume autorizables: os existentes.*

d) *Contía na que se orzan as obras: **19.876,58 euros. (sen IVE)***

e) *Situación e emprazamento das obras: Avenida Calvo Sotelo nº 43, esc. 1, baixo.*

f) *Nome ou razón social do promotor: D. Eugenio San Martín López*

g) *Técnico autor do proxecto: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)*

h) *Técnico director das obras: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)*

i) *Técnico director da execución material das obras: non procede.*

j) *Coordinador de seguridade e saúde: non procede.*

k) *Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.*

Segundo. Conforme o artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (LRXPAC), as administracións públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro. Resulta competente para adoitado o acordo de rectificación de erros o órgano do que emanou o acto administrativo a correxir, isto é, a Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Rectificar de oficio o erro material existente no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2015, de outorgamento de licenza municipal de obras de acondicionamento interior dun local para o exercicio da actividade de laboratorio de próteses e clínica dental en inmóbel sito na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo, con referencia catastral 7919702NH2371N0002OI, expediente 20/2015/LU, que deberá quedar como segue:

Segundo. *En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:*

l) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA) conforme o PXOM, coa categoría de ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

m) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local comercial para cambio de uso

n) Altura e volume autorizables: os existentes.

*o) Contía na que se orzan as obras: **19.876,58 euros. (sen IVE)***

p) Situación e emprazamento das obras: Avenida Calvo Sotelo nº 43, esc. 1, baixo.

q) Nome ou razón social do promotor: D. Eugenio San Martín López

r) Técnico autor do proxecto: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)

s) Técnico director das obras: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)

t) Técnico director da execución material das obras: non procede.

u) Coordinador de seguridade e saúde: non procede.

v) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Segundo. Os restantes puntos do acordo referido permanecen invariables.

